



## Propostas de ADEGA-Lugo ás forzas políticas que concorren ás eleccións municipais do 26 de maio de 2019 por unha cidade sustentábel

Coa vista posta nas eleccións municipais do 26 de maio, desde a delegación en Lugo da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) queremos aproveitar a ocasión para salientar a importancia das políticas públicas na escala municipal á hora de acadarmos un modelo ecoloxicamente sustentábel nos nosos concellos.

Achegamos a todas as forzas políticas e candidaturas electorais que concorren aos comicios do vindeiro día 26 co propósito de gobernar a cidade de Lugo unha serie de **medidas, propostas e reflexións** para acadarmos ese repto.

A amplitude da crise ambiental que vivimos, amplificada polo cambio climático, pensamos que precisa de accións urxentes e decididas, tamén por parte do eido local.

Son todas elas –pensamos –propostas pensadas, desde unha perspectiva ecoloxista, para o ben común e para o deseño dunha cidade mellor, máis habitábel e máis respectuosa co territorio que nos dá acubillo. ADEGA ponse a disposición de todas as forzas políticas e candidaturas para ampliar ou dialogar sobre todas estas ideas.

### **0. RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PRIVATIZADOS PARA O COMÚN**

Obrigar a restaurar a legalidade a aquelas entidades que estean ocupando irregularmente as zonas de servidume públicas, así como denegarlles apoio institucional. Actuar de forma subsidiaria ante a oposición reiterada de cumprir coa legalidade.

Elaborar un plan de restauración natural das beiras dos ríos Miño e Rato, co obxectivo de naturalizar os espazos fluviais da cidade, favorecendo o bosque de ribeira, a conservación da biodiversidade, un uso responsábel destas zonas verdes e evitando a construción de novas infraestruturas a carón dos efluentes ou nas marxes fluviais.

## **1. RÍO MIÑO:**

Propomos que no edificio da Fábrica da Luz o espazo que non ocupe o Museo do Patrimonio Industrial sexa dedicado a ser un Centro de Interpretación de Fauna e Flora da Rede Natura.

Recuperación da vexetación nativa dos bosque de ribeira, incluíndo un orzamento anual para a eliminación da fauna e flora exótica invasora e a posterior recuperación da fauna e flora autóctonas.

Recuperación do plan de protección e posta en valor das carballeira do Miño, dedicando un orzamento anual, co obxectivo da custodia do mesmo, xa sexa por acordos cos propietarios ou por adquisición de terreos de carballeira.

Creación, con orzamento anual, dun viveiro para plantas autóctonas para reforestar tanto o río Miño como o resto dos efluentes que existen no concello, a través de acordos con asociacións ecoloxistas.

## **2. RÍO RATO:**

Creación dun ENIL (espazo natural de interese local) que inclúa toda a bacía do río, desde o seu nacemento no Ceao e As Gándaras até o río Miño, en especial dos terreos do Concello, dos que corresponderen á Confederación Hidrográfica e con todos aqueles terreos privados que se quixeren incluír no mesmo.

Recuperación das fontes do río Rato.

Creación dunha senda que una o parque de Paradai coa depuradora vella de auga potábel de Meilán, permitindo cerrar o cinto verde de Lugo.

Recuperación da vexetación nativa e eliminación da exótica invasora cun orzamento anual.

Colaboración con ADEGA para a limpeza anual de tramos do río Rato, contando cun orzamento fixo anual.

Que o Concello promova acordos de custodia con fincas privadas que linden co río Rato.

Eliminación dos proxectos de urbanización do PXOM, tanto industriais como urbanos, que afecten o río Rato, en especial na zona do Ceao, Garaballa, etc., e que ameazan as súas fontes e efluentes.

### **3. BOSQUES:**

Propomos que en todos os montes de propiedade municipal - segundo datos do propio Concello roldan as 500 hectáreas - se eliminen os pinos e eucaliptos e se reforeste con vexetación autóctonas do lugar, e que se dediquen a CUSTODIA A LONGO PRAZO, cun orzamento anual estábel.

Creación nos terreos do Concello de bosque para a conservación seguindo o modelo da FUNDACIÓN LURGAIA.

Limitar mediante o PXOM DE LUGO as plantacións de eucaliptos no concello, prohibindo novas plantacións.

Potenciar a plantación de arborado autóctono do lugar nos xardíns da cidade, eliminando as especies dependentes dos coidados humanos.

### **4. CONVIVENCIA ÉTICA COA FAUNA SALVAXE**

Propomos un modelo de **convivencia ética** coa fauna salvaxe: non alentar o odio contra a fauna salvaxe que realiza incursións na cidade, xustificando, de ser necesario, calquera medida de control nun plan de acción que se fundamente en estudos e datos científicos obxectivos sobre a dimensión, causas e impactos da presenza de xabaríns e doutros animais salvaxes na cidade.

Procurar, nese proceso, a participación de todos os sectores sociais implicados, incluídos os ecoloxistas e animalistas, e primar as medidas preventivas e non cruentas cos animais fronte a medidas letais e pouco selectivas. Así mesmo, elaborar unha ordenanza de convivencia cívica cos animais salvaxes na cidade e campañas de concienciación.

## **5. LIMPEZA DA MURALLA SEN AGROTÓXICOS:**

Rexeitamos o uso do glifosato, agrotóxico non selectivo, para a limpeza da vexetación, moi especialmente nun elemento patrimonial tan senlleiro de Lugo como é a Muralla. ADEGA aposta polo método de limpeza e conservación manual, non agresivo, e pídelle a todas as candidaturas electorais que aspiran a gobernar Lugo o compromiso de non voltar a metodoloxías do pasado.

## **6. O GARAÑÓN**

ADEGA segue a pedir que se cumpra a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre o edificio “Garañón” (Zona de Actuación CS-5) e o retorno deses terreos a zona verde e parque público.

Exiximos, ademais, non atender a reclamación patrimonial de máis de 20 millóns de € por parte do promotor, tremendamente exaxerada toda vez que incumpriu a legalidade á hora de edificar, segundo a Asociación de Veciñas/os do Parque Rosalía de Castro.

## **7. VIVENDAS BALEIRAS**

Lugo atópase entre as cidades con maior número de vivendas baleiras do Estado. A pesar diso séguense concedendo licenzas de obra, ampliando a extensión de zonas urbanas e estragando os espazos naturais da contorna da cidade. Un claro exemplo disto é o acontecido na urbanización das Saamasas.

É preciso ter en consideración a porcentaxe de vivendas baleiras antes de seguir urbanizando, dando prioridade á rehabilitación das vivendas, e non permitir a construción de máis vivendas se a porcentaxe de vivendas deshabitadas é tan significativa.

A contorna de Lugo ten un gran valor ambiental que debera ser protexido. As políticas municipais ademais, deberan ir encamiñadas a restaurar e rehabilitar os barrios deshabitados xa urbanizados. Desta maneira devólvese a vida aos barrios, mantendo o equilibrio ambiental coa contorna.

Sería necesaria a revisión do PXOM no sentido de considerar parámetros ambientais e de sustentabilidade: non chega coa creación dun único barrio “sustentábel” (o chamado *Lugo Biodinámico*).

## **8. CONSUMO RESPONSÁBEL**

ADEGA propón que o Concello de Lugo impulse un plan específico ou estratexia de consumo responsábel a semellanza do que están a facer outras cidades (Barcelona).

**En materia enerxética:** contratar con cooperativas de enerxía verde-renovábel (tipo Nosa Enerxía).

**En materia financeira:** contratar con bancos de carácter ético e social (tipo Fiare, Coop57 e outros).

**En materia de seguros:** contratar con compañías adheridas ao selo de seguros ético (Arç Seguros).

**En materia de contratación pública responsábel:** propomos un esforzo de formación interna neste eido e a inclusión de cláusulas sociais en todos os contratos que licita o Concello. Moitos municipios xa están a pór en práctica experiencias deste tipo a través da Rede de Economía Social:

<https://contratacionpublicaresponsable.org>

Fomento do consumo ecolóxico e local:

- A través dos comedores escolares que xestiona o Concello, comprando a persoas produtoras en ecolóxico da provincia de Lugo e favorecendo o modelo de compra conxunta de produtos, por exemplo.
- Dinamización das hortas ecolóxicas nos barrios, aumentando o seu número.
- Elaborar un “directorio” de consumo responsábel.
- Potenciar e prestar apoio ás iniciativas luguesas relacionadas co consumo responsábel, indo máis alá do modelo das “feiras”.
- Prestar apoio activo á rede Lugo Xusta ao longo de todo o ano.

## **9. XESTIÓN DE RESIDUOS**

Noticias como a do vertido de residuos de construción nunha canteira abandonada nas inmediacións da cidade de Lugo poñen de manifesto a irresponsabilidade duns cantos amparada polo desentendemento das administracións públicas.

É preciso que as políticas municipais estean encamiñadas á sensibilización da sociedade canto á necesidade de minimizar a cantidade de residuos xeradas, así como a correcta separación das diferentes fraccións.

De todos os residuos xerados, a fracción resto pode ser reciclada mediante a compostaxe. Esta é unha alternativa ao modelo SOGAMA, coa que se diminúen as emisións debidas ao transporte e as do propio tratamento, así como o custo económico. Coa compostaxe comunitaria, ademais de sensibilizar á cidadanía coa importancia de xestionar adecuadamente os residuos, favorécese a cohesión social e a recuperación de traballos comunitarios.

## **10. MOBILIDADE**

Lugo é unha cidade de estrutura bastante irregular. Desde o alto de Garabolos, até o final da avenida de Madrid mede mais de 8 Km. No entanto, a largura da cidade no sitio mais ancho non chega a 3 Km. Pola contra, existe un circundado regular para onde vai a maior parte do tránsito, que é a ronda da Muralla. Há problemas de tráfico en Lugo pola forma da cidade, mas tamén pola má ordenación deste, que concentra unha gran cantidade de vehículos na avenida da Coruña e mais na Ronda. A concentración de autos de combustión provoca contaminación atmosférica nestas zonas. Á volta da muralla, a maior concentración de CO<sub>2</sub> provocada polos automóveis acrecenta a meteorización da pedra que a forma - xisto na súa maioría, muito mais sensível aos efectos do CO<sub>2</sub> do que outras pedras.

Se procurarmos un tráfico fluído, útil, cómodo e menos contaminante, en Lugo deberíamos apostar polo transporte público, facendo que este for pontual, e recuperando o Carril Bus, que mellorou, no seu momento, muito o tráfico de Lugo. A tendencia nesta cidade debería

ser a peonalización progresiva do casco histórico, culminando coa total supresión do tráfico na Ronda. Esta debería ser de uso exclusivo de buses, bicicletas ou patins, evitando deste modo o efecto que a emisión de gases produz no deterioro da pedra da muralla, e facilitando o servizo público, ben como o uso da bicicleta, que pode ser mui acaído para a nosa cidade.

**Estación de Autobuses e Intermodal Intercity:** Lugo é a única capital de provincia de Galiza que ten o privilexio de contar cunha estación de autobuses no centro da vila e nun só plano, adaptada, portanto, a persoas con mobilidade reducida e favorável para que o persoal dos arredores a utilice para facer as suas compras ou xestións nas administracións ou bancos, que están no centro da vila. Esta pode funcionar como distribuidor das diferentes liñas de autobuses urbanos e interurbanos, nunha intermodalidade práctica e beneficiosa para o tráfico, favorecendo o uso dos autobuses urbanos combinados cos que serven aos arredores da cidade e interurbanos. Unha populazón mais e mais envellecida precisa dun bon servizo de autobuses municipais e intermunicipais. **A intermodalidade debería ser centrada**, por tanto, **na céntrica estación de autobuses.**

**Estacionamentos disuasorios** deberían existir fóra da muralla para facilitar o uso pedestre no seu interior e dificultar o uso do automóvel. Cuanto ao modelo de mobilidade temos como exemplo a cidade de Pontevedra, que foi recoñecida por isto por numerosos organismos internacionais (Center for Active Design, Nova York, 2015; ONU Hábitat, Dubai 2014; Intermodes, Intermodal con base peonil, Bruxelas 2014; Cidades que camiñan Torres Vedras, Mobilidade intelixente, Hong-Kong (2015) e Shenzhen (2016); Seguridade viaria, Córdoba (2011); Fesvial seguranza viaria, Madrid (2010). Poderíamos aproveitar alguns dos seus proxectos e estudar se serian adaptáveis ao especial modelo de Lugo.

Polo que diz a respeito da **movilidade peonil** en Lugo, esta debería ser favorecida con rotas seguras estabelecidas, pondo paineis informativos abondosos que indiquen os camiños a pé para irmos dun lado a outro da cidade. O **carril bici** debería de estender-se. Para iso sería beneficioso deixar a avenida da Coruña (unha das mais conxestionadas da cidade) dunha só dirección, combinando con Duquesa de Lugo para a outra. Isto facilitaría un carril bici nesta rua. O carril bici podería ir desde o alto de Garabolos até a cidade universitaria nun eixo lonxitudinal, evitando pasar por zonas peonís, pois pon en perigo a

seguranza vial dos pedestres. Os patíns eléctricos deberían ser regulados como as bicis.

Polo que diz a respecto das comunicacións, o Concello pode non ter competencias en transporte interurbano para favorecer e mellorar a penosa situazón de Lugo a respecto da súa conectividade coas outras capitais e grandes cidades da Galiza, nomeadamente polo que diz a respecto do camiño de ferro de grandes e medianas distancias, mas pode exercer a súa autoridade, exixindo a mellora das comunicacións coas principais cidades da Galiza.

Existen as vías férreas; o que non hai é a posibilidade de usá-las, pois non hai comunicación con Vigo ou Santiago. Os comboios da liña de Monforte e Ourense deberían ser activados e concordantes cos que van a Vigo. Os que van á Coruña deberían aumentar e concordar cos da liña Coruña Santiago Vigo. A liña Lugo Ferrol tería que ser optimizada e facilitar o seu enlace co FEVE, que pode chegar até Bilbao e Donosti. As liñas teñen que ser electrificadas.

Isto reduciría o tráfico de automóveis de combustión, máis nun momento de problemática ambiental pola urxencia fronte ao quecemento global. No día 30 de abril o Parlamento inglés aprobou a declaración de urxencia climática, que implica a eliminación de autos de combustión, (gasolina ou gasoil ) para o ano 2030 ( dentro de 11 anos) . Deveríamos estar preparando-nos para iso e favorecer o ambiente da nosa cidade eliminando a contaminación por combustión de fósiles como o petróleo e mellorando a nosa saúde pola maior limpeza de ar e por trasladar-nos andando ao maior numero de lugares.

A situación a nivel global é mui grave. Toda as persoas e as cidades temos que actuar xa. O transporte público ten que ser apoiado pola administración como medida social e ecolóxica. O Concello de Lugo ten que se comprometer para mellorar as nosas comunicacións dentro de Galiza, con Portugal, co Norte de España e co resto da Península. É vital para Lugo quebrar o illamento en que agora está. E isto ten que ser feito por medios de transporte ecolóxicos, baratos e seguros, como o é o tren, media distancia ou longa distancia. Sempre pensando nun servizo público.



